

# MEMORIA DO PROXECTO: MELLORAMOS O NOSO COLEXIO E SOMOS UN CENTRO INCLUSIVO

CEIP XULIO CAMBA (VILANOVA DE AROUSA)  
CURSO 2018-2019

## **1.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

Este curso traballamos o PDI “MELLORAMOS O NOSO COLE” Dentro do proxecto quixemos darlle protagonismo tanto a cativos como a familias e profesorado, que guiados pola nosa mascota da biblioteca “D.Mexillón” seguimos unhas pautas para o desenvolvemento do PDI.

Unha das principais razóns polas que escollemos este tema foi porque sentimos a necesidade de mellorar o noso espazo educativo, inculcando ao noso alumnado a importancia da orde, a limpeza dos traballos, o valor da reciclaxe, o coidado das instalacións que todas e todos usamos cada día e sobre todo a igualdade e o respecto mutuo. Aprendemos a utilizar correctamente os colectores de reciclaxe, a facer compostaxe, a respectar o noso hábitat natural plantando árbores, limpando a praia e colaborando uns cos outros. Tamén aprendemos a reutilizar facendo xoguetes e xogos con materias de refugallo. O alumnado convertiuse en protagonista principal facendo murais de cerámica na entrada do centro co obxectivo de mellorar o seu aspecto. Afondamos en temas como: arte, gastronomía, flora e fauna, medio ambiente, igualdade de oportunidades, respecto polas diferencias persoais... Por estas razóns e outras máis consideramos que é un tema importante que nos axuda no seu desenvolvemento cognitivo e na adquisición de valores.

Os nenos son aprendices activos e a través do noso PDI tentamos que foran protagonistas da súa aprendizaxe.

## **2.-OBXECTIVOS XERAIS**

- 1.- Fomentar a lectura
- 2.- Mellorar a competencia lectora
- 3.-Conseguir que a Biblioteca sexa a dinamizadora do proxecto de centro

## **3.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.**

### **4.A- VÍDEOS MELLORAMOS O NOSO COLE E COIDAMOS A CONTORNA.**

- 1.- Buscar información en internet.
- 2.- Utilizar a biblioteca escolar como lugar de investigación e traballo.
- 3.- Discriminar a información relevante da accesoria.

4.- Por en valor do noso municipio e coidado da contorna.

5.- Identificar cada colector e aprender a úsalos en todos os contextos.

6.- Aprender a elaborar presentacións informáticas (power point), blogues educativos e imaxes relevantes.

7.- Cooperar co compañeiro que presente máis dificultades na competencia dixital.

8.- Plantar árbores das diferentes especies estudadas.

9.- Contribuir á limpeza e mantemento das praias da nosa contorna.

10.- Concienciar sobre o respecto ao medio ambiente.

#### **4.B- MUSICAL: O MUNDO DE ANA**

11.- Contribuir ao traballo en equipo para loitar por un obxectivo común.

12.- Mellorar a expresión oral e intención comunicativa do alumnado.

13.- Potenciar a expresión vocal, corporal e rítmica do alumnado.

14.- Traballar a memorización lingüística en inglés, galego e italiano.

15.- Concienciar ao alumnado sobre a importancia da transmisión de valores como: a empatía, o respecto, o compañerismo ...

#### **5.- COMPETENCIAS BÁSICAS TRABALLADAS**

##### 1.- Comunicación lingüística

Contidos: A expresión oral, escrita, corporal e vocal. Utilización da lingua galega e inglesa.

Obxectivos 1, 2, 3, 12, 13 e 14.

##### 2.- Competencia dixital

Contidos: os buscadores en liña, as presentacións dixitais, os blogues educativos, os programas de tratamento de imaxes. Obxectivos : 1 e 6

##### 3.- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Contidos: Clasificación decimal universal, secuencias rítmicas e musicais.

Obxectivos: 2 e 1

##### 4.- Competencia en conciencia e expresións culturais.

Contidos: a poesía, o rap a expresividade, a entoación e danza.

Obxectivos 13

##### 5.- Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Contidos: Búsqueda de información. Obxectivos 3, 7 e 1

## 6.- Competencia social e cívica.

Contidos: o traballo en equipo, o respecto polo entorno próximo, a reciclaxe a inclusión, a integración, a empatía. Obxectivos 4,5, 8, 9, 10, 15

## 7.- Competencia aprender a aprender;

Contidos: a biblioteca como lugar de investigación e traballo; o traballo en equipo, a memorización. Obxectivos: 1, 2, 3, 6, 7, 13, 14

## **6.- BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO. DESENVOLVEMENTO E PERIODICIDADE.**

O proxecto artículase en tres fases:

- 1.- Procura e selección de información.
- 2.- Desenvolvemento do proxecto.
- 3.- Difusión do traballo entre a comunidade escolar

O primeiro trimestre desenvóléronse aspectos do tema partindo do que sabían os alumnos, recompilación de datos a partir da lectura de libros, visionado de películas, decoración de portas... No segundo trimestre as familias ou xente da contorna acudiu ao centro a contar as súas experiencias e visitas de interese relacionadas. No terceiro trimestre perfilamos as actuacións necesarias para presentar as exposicións finais do PDI, este curso en forma de musical nos cursos de cuarto, quinto e sexto de primaria e vídeo en infantil, primeiro, segundo e terceiro de Primaria. Esta actividade naceu da necesidade de traballar a inclusión co noso alumnado, xa que hoxe en día, a realidade dos centros conta con alumn@s con NEAE.

Todas as actividades foron realizadas tendo en conta as necesidades, intereses e idade dos nenos, dando flexibilidade na súa realización e liberdade á hora de traballar en cada aula, respectando sempre os parámetros establecidos dende a biblioteca para a realización do mesmo.

## **6.1.- PRIMEIRA FASE: DOCUMENTACIÓN (primeiro trimestre)**

### **QUE DEBEMOS MELLORAR?.**

Para presentar o proxecto ao alumnado fomos deixando pistas polo patio do colexio durante toda a semana: D. Mexillón recollendo papeis, pintando, limpando....Ao chegar a súa aula debuxaban o que encontraran no patio en papel continuo colocado na aula, ata darlle título ao proxecto.

### **RECYCLING CONTAINERS**

Dentro da área de Arts creamos posters identificativos en inglés para aprender a reciclar.

### **CONCIENCIA COLECTIVA**

A partir da lectura de libros sobre a reciclaxe e o medio ambiente fomos introducindo ao alumnado no tema do PDI.

Partimos do que eles xa sabían e continuamos profundizando no tema, elaborando carteis e decorando o centro coas nosas aprendizaxes.

### **PORTAS RECICLADAS**

Decoración das portas de aula e da biblioteca con motivos relacionados co PDI.

### **MEDOS RECICLADOS no Samaín/ Halloween**

Pedimos a todo o alumnado do centro que escribira os seus medos nun cacho de papel reciclado e o día da celebración fixemos unha queima. Os colaboradores elaboraron un conxuro para recitar ao mesmo tempo que se queimaban. Unha vez rematada a queima, bailaron para espantar os seus medos. Xa non quedan medos no Xulio Camba, todos foron reciclados.

### **DENTRO DAS SSBB**

Construímos morcegos con rolos de papel hixiénico.

### **RECICLAMOS NO MAGOSTO**

Os xogos tradicionais, realizados moitos deles con materias de refugallo foron a aposta segura desta mañá festiva.

### **NADAL RECICLADO**

Pedimos ás familias que nos axudasen a decorar o centro con adornos de Nadal

reciclados. Coma sempre as familias sorprendéronnos.

### DENTRO DAS SSBB

Creamos un belén con materiais de refugallo.

FESTIVAL RECICLADO: Para celebrar o festival de Nadal cada aula buscou unha panxoliña en galego ou inglés relacionada co medio ambiente, a integración e a reciclaxe.

## **6.2.- SEGUNDA FASE: DESENVOLVEMENTO DO PDI (segundo trimestre)**

### SOMOS UN CENTRO INCLUSIVO

A partir dunha maleta que pedimos a BB Escolares montamos esta actividade: Cada clase elixiu varios libros da maleta, acordes coa idade dos nenos aos que lles tiñan que ler e cos valores que pretendían traballar. Prepararon a lectura e a dramatización, algunhas clases incluso fixeron guiñol con materiais de refugallo. O día da lectura, gravámoslos e montamos un vídeo con todas as aportacións.

### A PAZ TAMÉN SE PODE RECICLAR.

Elaboración de símbolos da Paz con materiais reciclados.

### RECICLAMOS NOTICIAS (polo día da prensa)

Os máis pequenos do cole andiveron a buscar noticias sobre a reciclaxe e o medio ambiente.

Coa axuda dos nosos colaboradores buscamos noticias relacionadas co medio ambiente fixemos unha exposición.

RECICLAMOS CON SOGAMA: O 24 de xaneiro veu ao cole un membro de Sogama a dar unha charla sobre reciclaxe e compostaxe. Gustoulle moito como estabamos a traballar.

### SAN VALENTÍN

Para celebrar o día pedimos ás familias a súa colaboración traendo ao colexio obxectos reciclados relacionados coa temática da inclusión. Fixemos unha exposición na entrada da BB con todas as aportacións.

### TALLER DE INSTRUMENTOS RECICLADOS

O alumnado de sexto realizou un taller de percusión con botes de pintura. Aprenderon a facer música con distintos aparellos de refugallo..

### ENTROIDO ECOLÓXICO

Celebramos o entroido cun DESFILE arredor do pobo. Algunhas aulas fixeron unha

coreografía e cantaron cantigas típicas de entroido. Os disfraces xiraban arredor da temática do proxecto. Cos instrumentos realizados no taller de música reciclada, o alumnado de 6º tocou unha batucada polo pobo.

### OS XOGOS OLÍMPICOS DA RECICLAXE E A INTEGRACIÓN

Concurso de investigación onde debían contestar, completar preguntas sobre a reciclaxe, o medio ambiente e os valores de respecto aos compañeiros.

Houbo premios individuais e de aula para o alumnado gañador.

### XOGOS RECICLADOS

Dentro das seccións bilingües realizamos xogos con materiais de refugallo que utilizamos no PFPP que estamos a desenvolver no centro.

### COMO ME GUSTA LER COA MIÑA FAMILIA (polo Día do libro.)

Pedimos ás familias que se fixeran unha foto lendo e fixemos un expositor reciclado.

### CERVANTES

Algúns/as compañeir@s explicaron ao demais alumnado do centro por que se celebra este día gravando un vídeo sobre a vida e obra de Cervantes, usaron decorados feitos con materiais reutilizados.

Lectura por parte das FAMILIAS polas aulas de diferentes contos

.CONTO ECOLÓXICO VIAXEIRO, en colaboración co equipo de ENDL.

RETRATO DE ANTÓN FRAGUAS (polas Letras Galegas) Debuxamos a Antón Fraguas utilizando materiais de refugallo.

ANTÓN FRAGUAS, ANTÓN FRAGUAS: O alumnado de infantil e primeiro de Ed. Primaria dou a nota poética no Día das nosas letras. Puxeron voz a un poema sobre Antón Fraguas creado polo noso compañeiro o teacher Fernando. Tamén debemos agradecer ao noso cantante favorito, o profe José, que creara a música para él e o cantara. Traballamos a colaboración en grupos de traballo e o respecto polas aportacións dos demais.

PINTADA DE MUROS DO COLEXIO O alumnado de sexto exerceu de tutorando, ensinando aos demais compañeiros do cole a cubrir con cachos de baldosa, debuxos previamente debuxados por eles, no muro de entrada ao centro.

Acabaron moi cansos, nunca pensaron que traballar fora tan duro. O resultado foi impresionante. Tiveron un gran maestro, Gerardo Elca, que lles mostrou o camiño a seguir e lles foi guiando durante todo o proceso.

### MUSICONTOS,RECICLADOS

Unha das actividades que máis lles gustou ao noso alumnado para conmemorar as nosas letras foi unha obra musical polo grupo “Nelson Quinteiro produccions” tocada ,como non, con algúns instrumentos reciclados. Bailamos ao son da música galega e pasamos un momento moi agradable

### VISITA A CORTEGADA

O alumnado de 3º e 4º visitou a praia de Cortegada, respetando e estudando o hábitat natural da illa. Traballamos o respecto e o turno de palabra.

### MONTE DAS PATIÑAS

Os máis pequenos de Ed. Infantil, primeiro e segundo de Ed. Primaria viaxaron ao monte das Patiñas para prantar árbores autóctonas, traballaron en equipo.

### PRAIA DO TERRÓN

Os maiores de 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria percorreron a praia do Terrón recollendo restos de plásticos e outros materiais tirados pola praia. Organizáronse en grupos.

### **CHARLAS E OBRADOIROS**

Mª del Mar Falcón, mamá de Anxo (a contaminación mariña)

Ángel o papá de Adri e Aldara ( o plástico no mar)

SOGAMA

TALLERES sobre reciclaxe

### **6.3.-DIFUSIÓN DO TRABALLO ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR (no mes de xuño)**

#### A.-VÍDEOS SOBRE A RECICLAXE

En Ed. Infantil, 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria preparamos obriñas que englobaban todo o aprendido durante o curso escolar sobre a reciclaxe, a mellora da contorna e o respecto ao

medio ambiente. Gravamos todas as aportacións no maker space xa que contamos cun croma permanente. Hai que ver como desenvolven os mais pequenos o tema cunha fluidez da que moitos maiores non son capaces.

### B.-MUSICAL

Este curso cambiamos radicalmente a forma de presentar o produto final. Embarcámonos nunha aventura musical co alumnado de 4º, 5º e 6º. Escollemos un musical italiano e traducímolos ao galego e as cancións ao inglés. Empezamos cun casting para elixir aos mellores cantantes e bailaríns. Fixemos un calendario de ensaios e ensaiamos todos os recreos e plans lectores. Preparamos as coreografías e fixemos os decorados con materiais de refugallo. Todo o alumnado participante asistiu sen ningún tipo de queixa. Estiveron moi motivados e o resultado final foi IMPRESIONANTE!

Presentamos o musical no pavillón e invitamos a familias e autoridades. Todo un éxito!!

**RECOMENDACIÓNS** Sacamos dous cada curso escolar: polo Nadal e a finais de curso.

Neste curso levamos a cabo un PFPP “**Patios dinámicos**”, no cal nos fixemos con un gran banco recursos lúdicos, utilizando para facelos materiais de refugallo. A avaliación foi moi positiva.



## **7.- METODOLOXÍA**

Metodoloxía activa, onde o alumno e o protagonista da súa aprendizaxe, o ensaio – error estivo presente na nosa investigación sobre a contorna e as 3 R. Pero o mais importante da nosa viaxe foron os valores interiorizados durante a búsqueda: o respecto aos turnos de búsqueda e palabra, a colaboración, o respecto as aportacións alleas, a escoita activa, a valoración do traballo colectivo.

## **8.- PROFESORADO PARTICIPANTE. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE ESCOLAR**

### **Coordinación:**

A coordinación foi levada a cabo por M<sup>a</sup> de los Ángeles López Portas, coordinadora da biblioteca.

### **Colaboradores:**

Todo o profesorado do centro participou dun xeito ou doutro, nunha parte ou noutra da investigación e do produto final. As mestras titoras de infantil, 1º, 2º e 3º participaron moi activamente na preparación do vídeo sobre a reciclaxe.

As mestras de inglés de 4º, 5º e 6º, a profe de música, as profes de 4º A, 6ºA e 4º A participaron moi activamente en todo o musical. O profe de inglés de 1º, 2º e 3º e mais a profe de 5º B axudaron durante a tradución das letras e as coreografías.

## **9.- ALUMNADO PARTICIPANTE**

O alumnado participante no PDI foi todo o alumnado do centro aínda que o produto final subdividiuse en dúas seccións.

Por un lado, dende infantil ata 3º de primaria, elaborouse un vídeo que recollía todo o aprendido e elaborado ao longo do curso sobre a reciclaxe e o coidado do medio ambiente.

Por outro lado, o alumnado de 4º a 6º traballou a inclusión, o bullying, a creatividade, expresión corporal e oral a través dun musical.

## **10.- DIFICULTADES**

En liñas xerais, tanto o profesorado como o alumnado mostrou a súa satisfacción ante a boa marcha do proxecto e sobre todo o produto final que supuxo un subidón de autoestima para a maioría d@s alumn@s participantes.

A maior dificultade coa que nos atopamos é, sen dúbida, a baixa competencia no tratamento da información e competencia dixital dos alumnos pero sobre todo a falta de tempo para os ensaios no caso do musical e para as gravacións polo pobo no caso dos vídeos.

## **11.- DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR**

**Musical:** Pase para as familias e as autoridades locais. Gravación de vídeos para colgar no blog da biblioteca.

12.AVALIACIÓN OBJECTIVOS	INDICADORES DE LOGRO	CRITERIOS DE AVALIACIÓN		
		Acadado	En proceso	Non acadado
<b>Fomentar a lectura.</b>	1)Acoden máis os nenos/as á BB.	X		
	2)Incrementábase o número de empréstitos.	X		
	3)Manifestan preferencias de lectura.	X		
	4)Aumenta a participación nas seccións da BB	X		
<b>Mellorar a competencia lectora.</b>	1)Percíbese unha mellora nos que participan nas actividades da BB.	X		
	2)Melloran na velocidade lectora.	X		
	3)Utilizan unha entoación e ritmo axeitado.		X	
	4)Apréciase mellora na comprensión lectora.		X	
<b>Conseguir que a Biblioteca sexa dinamizadora do PDI.</b>	1)Hai máis concorrencia buscando información.	X		
	2)Empregan os recursos para obter información.		X	
	3)Seguen os pasos indicados para unha busca segura rede.		X	
	4) Incrementa o alumnado na participación das actividades.	X		
<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>				
<p>-Enquisas tanto para profesorado como alumnado con resultado moi positivo</p> <p>-Observación directa.</p> <p>-Nivel de rendemento académico.</p> <p>-“Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes?”</p>				

### **13.- BIBLIOGRAFÍA**

1. **El gran libro de la ecología**, por Editorial Juventud.
2. **Salvemos a los animales**, también por Editorial Juventud
3. **Oso Polar, ¿sabes por qué se deshiela tu mundo?**
4. **La historia del Rainbow Warrior**, por Kalandraka,
5. **La guía del huerto escolar de Carlos Romón.**
6. **Po qué debo ahorrar agua de Ed. Anaya.**
7. **Por qué debo reciclar de Ed. Anaya.**
8. **Bambú, el koala**
9. **Ropa al sol**
10. **Juan tiene autismo**
11. **Elmer ...**
12. **Páxina de SOGAMA.**
13. **Páxina de RED CENIT.**

### **14.-FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO.**

Todas as actividades foron realizadas tendo en conta as necesidades, intereses e idade dos nenos, dando flexibilidade na súa realización e liberdade á hora de traballar en cada aula, respectando sempre os parámetros establecidos dende a biblioteca para a realización do mesmo.

A biblioteca funcionou como guía durante todo o proceso, mandando ás aulas directrices para guiar o desenvolvemento do PDI. Ademais as mestras do equipo de BB formaron parte moi activa en todo o proceso e produto final. Os produtos finais graváronse e subíronse dende a BB.

Mercamos todos os materiais que foron necesarios para o proxecto partindo de fondos da biblioteca e permanecen rexistrados na mesma.

Enlace ao blog da biblioteca: <http://donmexillon.blogspot.com/>

CEIP XULIO CAMBA- VILANOVA DE AROUSA CURSO 2018-2019

Mandamos ficheiro cos traballos e imaxes do PDI

Tamén subimos os vídeos dos produtos finais. ( Falta por subir o de Ed. Infantil que colgaremos no blog durante os próximos días)